

WOLLSTONECRAFT, MARY, VINDICACIÓN DOS DEREITOS DA MULLER [1792]. SANTIAGO DE COMPOSTELA, SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE-SOTELO BLANCO EDICIÓNS, 2004, TRADUCIÓN DE M^a FE GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, 388 PÁXINAS.

Celia Pereira Porto

Cómpre saúdar con agrado a iniciativa do Servizo Galego de Igualdade, da Xunta de Galicia, e de Edicións Sotelo Blanco, de coeditar unha nova colección literaria (intitulada “As letras das mulleres”) destinada a verter ao galego distintas obras que comparten¹, cando menos, dous elementos en común, un de carácter subxectivo e outro obxectivo. Polo que se refire ao primeiro aspecto, trátase da autoría feminina dos traballos, mentres que o segundo ten que ver co obxecto de reflexión dos mesmos, que, desde distintos xéneros narrativos, versa, porén, sobre a situación social e político-xurídica vivida polas mulleres nunha época determinada.

A colección iniciouse con dúas obras ben distintas, máis alá dos elementos comúns compartidos aos que rematamos de facer mención. A primeira foi “A cidade das mulleres”, escrita en 1405 por Christine de Pizan. Esta obra constitúe, en palabras de Celia Amorós, a expresión máis pregnante do xénero antigo e recorrente ao longo da historia do patriarcado, que ela mesma denomina “memorial de agravios”. Nas obras correspondentes a este xénero as mulleres non cuestionan a xerarquía de poder entre os xéneros nin vindican a igualdade, simplemente “expoñen as súas queixas ante os *abusos* de poder de que dan mostras certos varóns, denostándoas verbalmente na literatura misóxina ou maltratándoas até fisicamente”².

Porén, a segunda obra da colección, “Vindicación dos dereitos da muller”, escrita en 1792 por Mary Wollstonecraft, que é a que vai ser obxecto deste comentario, pertence ao xénero da “vindicación”. Este xénero non aparece até a Ilustración e caracterízase, seguindo a Celia Amorós, por reclamar “a igualdade en base a unha irracionalización do poder patriarcal e unha deslexitimación da división sexual dos roles”³.

Mary Wollstonecraft foi unha muller tipicamente ilustrada, que soubo tirar da confianza plena nunha razón verdadeiramente universal todas as súas consecuencias para as mulleres, manexando un concepto de “razón” que está presente no século XVIII como equivalente a “unha forma determinada de *adquisición*”, “un *facer*”⁴. A vinculación ori-

1 Até a actualidade a colección componse dos seguintes títulos: “A cidade das mulleres”, de Christine de Pizan; “Vindicación dos dereitos da muller”, de Mary Wollstonecraft; “Un cuarto de seu”, de Virginia Woolf; e “Orgullo e prexuízo”, de Jane Austen.

2 AMORÓS, C., *Tiempo de feminismo. Sobre feminismo, proyecto ilustrado y postmodernidad*. Madrid, Ediciones Cátedra-Universitat de València-Instituto de la Mujer, 1997, p. 56.

3 *Ibidem*.

4 CASSIRER, E., *Filosofía de la Ilustración* [1932]. México, Fondo de Cultura Económica, 1972 (3ª ed. revisada), trad. de Eugenio Imaz, pp. 28-29.

xinaria entre Feminismo e Ilustración, posta de relevo polos traballos saídos do seminario permanente “Feminismo e Ilustración” da Universidade Complutense de Madrid⁵, debe ser explicitamente sinalada. Esta conexión permite a Celia Amorós definir o “feminismo” como “un tipo de pensamento antropolóxico, moral e político que ten como o seu referente a idea racionalista e ilustrada de igualdade entre os sexos”⁶. Non hai que esquecer, porén, como magnificamente demostrou Foucault, que “as Luces, que descubriron as liberdades, inventaron tamén as disciplinas [...] especie de *contradereito*”⁷.

Malia a súa conexión non pode descoñecerse o feito de que Ilustración non equivale a Feminismo e que, como afirma Cristina Molina, “a Ilustración non cumpre as súas promesas: a razón non é a Razón Universal. A muller queda fóra como aquel sector que as luces non queren iluminar”⁸. Porén, entre os ilustrados que si se amosaron partidarios da igualdade entre os sexos, cabe destacar, xunto a Mary Wollstonecraft, a Poulain de la Barre, a Feijoo e a Jovellanos. Poulain de la Barre elaborou, en palabras de Rosa Cobo, “un modelo de estado de natureza igualitario -único relato non patriarcal do estado natural-”⁹. Feijoo e Jovellanos deixaron recollidas por escrito algunhas das súas ideas en “defensa” do sexo feminino¹⁰. Nunha liña tremendamente paternalista e fortemente influenciada pola concepción androcéntrica e patriarcal, ambos os dous autores posicionáronse, porén, a favor da igualdade entre homes e mulleres¹¹, entendida como igual *dignidade* de todos os seres humanos e como “complementariedade” entre os sexos; complementariedade que equivale, en definitiva, a permitir a subsistencia da desigualdade entre os xéneros e a división sexual do traballo. As ideas expostas por estes e outros/as autores/as son, malia as súas limitacións, o xerme *teorético* do movemento de loita polo recoñecemento da igualdade entre homes e mulleres nas prácticas sociais e político-xurídicas.

Na “Vindicación dos dereitos da muller” Mary Wollstonecraft centra as súas críticas na obra de Rousseau, autor considerado aínda en moitas ocasións unicamente na súa vertente de teórico da denominada “democracia directa”. En termos actuais diríamos que o modelo político rousseauiano non pode sustentarse sen o espazo privado e a suxeición nel das mulleres. Porén, como apunta Rosa Cobo, “a universalización dos seus principios éticos facía doado impugnar a exclusión das mulleres”¹². Esta é a verdadeira diferenza que establecen as teorías do contrato social con respecto ao anterior modo de fundamentar o poder político, xa que ao introducir os principios de liberdade

5 AMORÓS, C. (coord.), *Actas del Seminario permanente Feminismo e Ilustración 1988-1992*. Madrid, Instituto de Investigaciones Feministas de la Universidad Complutense de Madrid, 1992.

6 AMORÓS, C., *Tiempo de feminismo*, cit., p. 70.

7 FOUCAULT, M., *Vigilar y castigar* [1975]. Madrid, Siglo XXI Editores, 1992 (20ª ed.), trad. de Aurelio Garzón del Camino, p. 225; suliñado engadido.

8 MOLINA PETIT, C., *Dialéctica feminista de la Ilustración*. Barcelona, Editorial Anthropos, 1994, p. 20.

9 COBO BEDIA, R., *Fundamentos del patriarcado moderno. Jean Jacques Rousseau*. Madrid, Ediciones Cátedra-Universitat de València-Instituto de la mujer, 1995, p. 81.

10 FEIJOO Y MONTENEGRO, B.J., “Defensa de las mujeres”, en *Teatro crítico universal, o Discursos varios en todo género de materias, para desengaño de errores comunes*. Madrid, Oficina de Domingo Fernández de Arrojo, 1758, T. I (10ª impresión), pp. 331-400; e DE JOVELLANOS, G.M., “Memoria sobre si se debían o no admitir las señoras en la Sociedad Económica de Madrid” [1785], en *Poesía. Teatro. Prosa* [antoloxía de José Luis Abellán]. Madrid, Taurus Ediciones, 1979, pp. 165-172.

11 Sobre os escritos de Jovellanos en relación coas mulleres, *vid.* REDER GADOW, M., “Pensamiento crítico en torno a la mujer en la obra jovelliana”, en MAQUIEIRA D’ANGELO, V. (ed.), *Mujeres y hombres en la formación del Pensamiento Occidental. Actas de las VII Jornadas de investigación interdisciplinaria*. Madrid, Instituto Universitario de Estudios de la Mujer-Universidad Autónoma de Madrid, 1989, Vol. II, pp. 257-266.

12 COBO BEDIA, R., *ob. cit.*, p. 269.

e igualdade como naturais para todo o colectivo humano, permitirán que grupos excluídos das súas consecuencias prácticas poidan loitar -e tratar tamén de argumentar teoreticamente- pola verdadeira universalización dos mesmos. A afirmación por parte dos teóricos liberais do carácter convencional das relacións de autoridade no ámbito público, por unha parte, e a utilización de argumentos derivados da “natureza” tratándose das mulleres¹³, por outra, facilitará nun futuro a crítica á súa propia inconsecuencia ao excluir ao colectivo feminino da esfera pública dos *iguais*.

Mary Wollstonecraft emprega na súa obra un concepto de “razón” similar ao *bon sens* cartesiano coa virtualidade engadida que lle dera Poulain de la Barre: “o bo sentido opera no espazo social como desenmascaramento de prexuízos”¹⁴. A pensadora inglesa afirmou claramente: “os homes, en xeral, empregan a súa razón para xustificar os prexuízos, que asimilaron dun xeito do que non se decataron, no canto de tratar de liberarse deles” (p. 69). O que ela pretende coa súa obra é precisamente iso, destruír prexuízos, aclarar que a meirande parte das características que se atribúen ás mulleres como obra da natureza non son máis que atributos produto dun determinado proceso de socialización -como diríamos na terminoloxía actual-.

O capítulo V da obra de Mary Wollstonecraft titúlase “Observacións a algúns escritores que fixeron das mulleres obxectos de piedade próximos ao desprezo”. O primeiro pensador que se expón á súa crítica é precisamente Rousseau e, sobre todo, o Libro V do *Emilio* dedicado a “Sofia”. Mary Wollstonecraft fai unha serie de reflexións ao fio dalgúns aspectos da obra rousseauniana. Apelando ao “bo sentido da humanidade” a pensadora inglesa critica a caracterización que Rousseau leva a cabo do sexo feminino tratando de facela pasar por natural. Cando está a rematar a sección que lle dedica ao filósofo xinebrino, Mary Wollstonecraft chega a dicir del o seguinte: “cando debía razoar apaixonábase e a reflexión inflamaba a súa imaxinación no canto de iluminar o seu entendemento. Até as súas propias virtudes o apartaron, xa que polo seu carácter cálido e a súa viva imaxinación, a natureza levouno cara ao outro sexo cunha inclinación que pronto se converteu en lascivia. Se abrise o camiño a estes desexos, o lume teríase extinguido dun xeito natural, pero a virtude, e unha especie de delicadeza romántica, fixéronlle practicar a autorrenuncia. Mais cando o medo, a delicadeza ou a virtude o suxeitaban, deixaba voar a súa imaxinación, e reflexionando sobre as sensacións ás que esta daba forza, debuxounas con cores máis brillantes e colocouna no máis profundo da súa alma (p. 205).

Mary Wollstonecraft critica a Rousseau por deixarse levar polos sentimentos en lugar de seguir a razón tratándose das súas consideracións acerca das mulleres. Critica de forma rotunda a situación de total dependencia e ignorancia na que o filósofo “ilustrado” coloca ao sexo feminino. Afirmo a escritora inglesa: “viólanse todos os dereitos sagrados da humanidade ao insistir na obediencia cega, ou os dereitos sagrados *só* pertencen ao home” (p. 191). Rousseau pasa de afirmar que “a forza non produce ningún dereito”¹⁵, a sustentar a xefatura do home na familia e a obediencia da muller por ser o varón o máis forte e derivarse isto así da natureza. Mary Wollstonecraft responde: “os homes teñen unha forza corporal superior, pero se non se equivocaran por noções erradas sobre a beleza, as mulleres poderían adquirir a suficiente para *ser capaces de gañar*

13 PATEMAN, C., *The problem of political obligation. A critique of liberal theory*. Cambridge, Polity Press, 1985 (2ª ed.), p. 171. *Cfr.* tamén da mesma autora, *El contrato sexual* [1988]. Barcelona, Editorial Anthropos, 1995, trad. de María Luisa Femenías, revisada por María Xosé Agra Romero, pp. 136 ss.

14 COBO BEDIA, R., *ob. cit.*, p. 254.

15 ROUSSEAU, J.J., *Del Contrato socia o Principios del derecho político* [1762]. Madrid, Alianza Editorial, 1980, trad. de Mauro Armiño, pp. 14-15.

*o seu propio sustento, que supón a verdadeira definición da súa independencia, e para soportar aqueles inconvenientes e tarefas corporais imprescindibles para fortalecer a mente. Daquela, deixádenos lograr a perfección corporal facendo o mesmo exercicio cós pequenos, non só durante a infancia, senón na xuventude, e poderemos saber até onde chega a superioridade do home*¹⁶.

Mary Wollstonecraft resume maxistralmente algúns dos puntos centrais do seu pensamento:

“Quero resumir o que dixen nunhas poucas palabras, xa que aquí tiro a miña luva e nego a existencia de virtudes propias dun sexo, sen exceptuar a modestia. *A verdade, se entendo ben o significado da palabra, debe ser a mesma para o home e a muller*; aínda que o carácter imaxinativo feminino, tan ben debuxado por poetas e novelistas, ao demandar o sacrificio da verdade e da sinceridade, converte a virtude nunha idea relativa que non ten ningún outro fundamento que a utilidade, e sobre esa utilidade que- ren vulgar arbitrariamente os homes, moldeándoa á súa propia conveniencia.

Admito que as mulleres poidan ter diferentes obrigas que cumprir, pero son obri- gas *humanas e os principios que deben regular o seu desempeño delas, manteño con firmeza que deben ser os mesmos*.

Cómpre facerse respectar e exercitar o entendemento, xa que non hai ningún outro fundamento para obter un carácter independente. Quero dicir explicitamente que *só deben dobregarse ante autoridade da razón*, no canto de ser as *modestas* escra- vas da opinión¹⁷.

Estes argumentos serán recollidos por grupos de mulleres e de homes co fin de tratar de incidir no proceso de loita por acadar a igualdade real entre os dous sexos. Versións semellantes deste tipo de argumentacións serán recuperadas e reconstruídas por distintas/os autoras/es en países diferentes de forma asincrónica atendendo ás súas circunstancias socio-económicas e políticas. Sen ir máis lonxe, a pensadora galega Concepción Arenal expresárase dun modo semellante a como o facía Mary Wollstonecraft un século antes, cando afirma: “a razón é a razón respecto a todos; dúas e dúas son catro para o home como para a muller, e sería absurdo, ao querer persuadi- la, empregar raciocinios aplicables a ela soa, e ter unha lóxica masculina e outra femi- nina”¹⁸. Sen que esta afirmación conleve, porén, a superación do sistema patriarcal e dos prexuízos en relación cos sexos, cousa facilmente comprobable na obra de Concepción Arenal e doutros autores e autoras¹⁹. Por iso, para continuar avanzando cara a creación de sociedades máis xustas para tod@s cómpre, aínda nos comezos do século XXI, fomentar o coñecemento de obras, como a “Vindicación dos dereitos da muller”, dedi- cadas a argumentar a prol da igualdade de homes e mulleres e a desmontar construcións teóricas lexitimadoras da desigualdade de xénero.

16 P. 195; suliñado engadido.

17 Pp. 135-136; suliñado engadido, salvo os termos “humanas” e “modestas”.

18 ARENAL, C., “El visitador del preso”, en *Obra Completas*. Madrid, Librería de Victoriano Suárez, T. XIII, 1896, p. 219.

19 PEREIRA PORTO, C., *A aportación de Concepción Arenal no marco do estado liberal español*. A Coruña, Deputación Provincial, 1997, pp. 88 ss.